

AER NON PACTA O GOBERNO DE NINGÚN PARTIDO, NIN NA INVESTIDURA NIN NA CENSURA



Visto que outros non o fan, fagamos un pouco de memoria. En maio do 2011, AER nace da indignación de moitos veciños e veciñas cos partidos políticos. Indignación coa súa falta de transparencia e participación, indignación coa súa tolerancia coa corrupción, indignación polo incumprimento das súas promesas electorais e polo tanto estafa política, indignación por defender os intereses de partido antes ca os intereses dos veciños, indignación polas súas medidas antisociais que son esixencia dos bancos e grandes empresas e non da cidadanía. En definitiva, AER aparece porque estamos indignados co panorama político, económico e social causado polos partidos tanto a nivel europeo, estatal, autonómico e por suposto, local.

AER presentouse modestamente ás eleccións municipais cuns obxectivos e cun ideario breve e claro, no que estaban a transparencia, a participación directa dos veciños, a sustentabilidade ambiental, a igualdade e a inclusión social. Sempre dixemos que non apoiaríamos o goberno de ningún partido, e finalmente 832 persoas confiaron nestas promesas dándonos representación no Concello. Dende o primeiro día, dende a nosa independencia e dende a nosa “minoría absoluta” de un concelleiro contra vinte, traballamos arreo para lograr que no Concello se aproben medidas encamiñadas a conseguir os nosos obxectivos. Aí están as actas dos plenos para ver a cantidade de mocións e rogos que levamos presentados. Ademais, estamos pedindo continuamente información por rexistro de todo canto afecta ao goberno local para poder cumprir coa nosa promesa de fiscalizar, controlar e informar de todo canto suceda no Concello. Están tamén as actas dos plenos para observar o lote de comparecencias pedidas e de preguntas formuladas ao equipo de goberno. En canto ao labor de información, estamos publicando un boletín en papel para que a cidadanía teña acceso a moitos asuntos que non conta a prensa, empregamos unha rede social para que a xente poida ver moitas cousas e poida expresarse libremente e xa temos operativa unha páxina web. No que estamos fallando ou tardando é nas asembleas abertas polas parroquias, onde temos un contacto directo cos veciños. Fixemos asembleas en Redondela, Chapela, Vilar, Trasmañó e Cedeira, e quixeramos ter feito máis, pero o volume de traballo e os tempos que esixe o Concello non nos dan moita marxe de manobra.

Feito este exercicio de memoria, atopámonos que despois de dous anos, na metade do mandato, o alcalde, nun xesto de chulería e prepotencia, empregou unha artimaña legal para tentar aprobar os seus orzamentos. Uns orzamentos que recolleron nas súas bases moitas das nosas aportacións en prol da transparencia e participación, propostas que hai uns meses non eran posibles, nin para o goberno nin para a “oposición”. Agora resulta que son posibles. Di o alcalde na súa memoria de orzamentos que as súas prioridades céntranse en servizos sociais, emprego e ensino; pero nós vemos que nin dotan ben esas partidas nin as executan, visto o visto cos orzamentos do 2012. Ademais, non só seguen coa dinámica do goberno anterior de non elaborar bases para

axudas, dinámica de dar os cartos a dedo a través de subvencións nominativas, senón que este tipo de subvencións aínda aumenta para o 2013. Mentres aínda andabamos a falar de partidas, deciden convocar o pleno sen rematar as conversas. Evidentemente, por todo o anterior, votamos en contra. Os “compañeiros de oposición”, ademais de non aportar nada outra vez, votaron en contra tamén. Polo tanto, estes orzamentos deberían quedar sobre a mesa para tentar chegar a un acordo de mínimos, se tanto din que querían aprobalos e se tanto din que querían recoller as aportacións da oposición.

Pois non. O alcalde preferiu convocar unha cuestión de confianza vencellada aos orzamentos. Cuestión de confianza que perdeu. Xa levamos tempo dicindo que neste goberno local hai cousas que non funcionan e o alcalde é o máximo responsable de que isto sexa así, e é o máis problemático de todo, cunha actitude onde non se observan visos de tentar facer as cousas doutro xeito. Señor Bas, non confiamos en vostede, na súa maneira de xestionar, que é a mesma de antes. Moita risiña, moito dicir que si e despois facer o que lle dá a gana. Non lle recorda esa actitude a Xaime Máximo Rei? Vostede tenta aprobar pola forza uns orzamentos que democraticamente saíron rexeitados. Señor Bas, vostede que tanto presume de non ter apego ao sillón, non o esqueza, PERDEU A CONFIANZA DO PLENO! PERDEUNA!E polo tanto, debería dimitir. Ninguén lle obrigou convocar esta cuestión de confianza, este órdago saíu de vostede, e vendo o resultado, aínda que formalmente non está vinculada ao seu cargo, se ten un mínimo de ética e decencia política, debería abandonar ese sillón do que di non ter apego.

Unha vez perdida esta moción de confianza, correspóndelle á oposición decidir se presenta unha moción de censura ou non. AER decidiu en asemblea que estaba disposta a ESCOITAR as posibles propostas do PSOE. O luns 10 de xuño decidimos aceptar unha reunión co PSOE convocada para o martes 11, tamén decidimos lembrarlles que AER prometera antes das eleccións non apoiar a ninguén e así o ía seguir facendo. A reunión celebrouse nun ambiente de cordialidade, como recoñeceu o propio Reguera. O PSOE presentounos unhas poucas propostas esquemáticas sobre transparencia e participación, sorprendentemente algunhas que xa nos votaran en contra en pleno e outras que xa recollen as bases do orzamento do PP. Preguntámoslles se tiñan uns orzamentos alternativos preparados, pero non tiñan nada concreto para ensinar. Onde máis nos insistiron é en que cambiaran, que estaban facendo debates e que estaban acudindo as parroquias. Aledámonos do cambio e desexamos que sigan nesa liña, teñen dous anos para convencer á xente de que son outra cousa. Por último, acordamos entre os dous pospoñer o recoñecemento público da nosa postura ata uns días máis adiante. Pero atopámonos que, só unhas horas despois, Eduardo Reguera chamounos para avisar que seguramente anunciaría en Radio Redondela que non habería moción de censura porque AER non os ía apoiar. Así queren que confiemos neles?

Estes últimos días asistimos á cantinela repetitiva por parte do BNG e do PSOE de que o PP goberna por culpa de AER. Nós pensamos que os responsables ou culpables de que governe o PP son os 6.635 votantes que lles deron unha maioría de

concelleiros. Ademais, o PP acadou máis votos que PSOE+BNG, os dous partidos que gobernaban e que din que son “a alternativa”. AER non apoiou a ninguén, logo AER non é responsable de nada. En cambio, AER si que sería responsable dun goberno do PSOE (tal como fai o BNG) e polo tanto tamén responsable de enganar aos seus votantes.

Tamén é recorrente a acusación de que non apoiamos un goberno “de esquerdas”. En AER pensamos que as prácticas habituais do goberno anterior non teñen nada que ver coa esquerda: privatizar servizos públicos (auga, lixo, recadación, piscina...), cobrar os impostos municipais de xeito inxusto, apostar por autovías en vez de fomentar o transporte público, dar a maioría de subvencións a dedo (obviando os principios de igualdade e obxectividade) ou gobernar mirando por riba do ombro e sen contar coa cidadanía. Tampouco é de esquerdas o labor que fan agora na oposición, negándose a apoiar propostas en prol da transparencia e participación; ademais de seguir apoiando a privatización de servizos públicos ou permitindo que os concelleiros vaian como tales ás procesións, entre outras cousas. “Redondela é de esquerdas”, e polo feito de que algúns dirixentes de partidos que se chaman de esquerdas o esqueceran, non vai deixar de ser certo. Estes partidos, en vez de criticar a AER, deberían facer moita autocrítica, mirarse un pouco o embigo e pensar por que unha maioría de xente de esquerdas non confía neles. Só así poden evitar unha maioría do PP, se é que a queren evitar.